

## HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

### I. Composición histórica: O fascismo italiano (6 puntos)

A partir dos seguintes documentos explica brevemente as principais motivacións e características do fascismo italiano. Non se trata de que resumas os documentos, nin de que analices illadamente cada un deles, senón de que elabores un comentario persoal tendoos en conta e completes esa información con outros datos que coñezas.

#### Documento 1. A concepción do estado fascista defendida polo seu creador:

«Moi pronto os conceptos de fascismo de Italia confundiranse nun mesmo pensamento. Porque a nosa fórmula, creación dun réxime político novo, é a que segue: “Todo no Estado, todo polo Estado, nada fóra do Estado”. Ademais, achegando á vida todo o que sería un grave erro confinar na política, crearemos [...] a xeración nova. Cada un cumprirá un deber determinado. Ás veces sorrimos a idea de [...] a creación de clases: unha clase de guerreiros presta a morrer, unha clase de xuíces competentes e rectos, unha clase de gobernadores enérxicos e autoritarios, unha clase de explotadores intelixentes e atrevidos, unha clase de soberbios capitáns de industria. Unicamente por esta selección metódica e sistemática se crean as grandes categorías, as cales á súa vez crean os grandes imperios.»

Benito Mussolini: *El fascismo expuesto por Mussolini*. Madrid, 1934.

#### Documento 2. A visión imperialista do fascismo, tal e como figura na obra de Benito Mussolini *La doctrina del fascismo* (1932):

«Para o Fascismo, a tendencia ao imperio, é dicir, á expansión das nacións, é unha manifestación de vitalidade: o seu contrario, o espírito sedentario, é un signo de decadencia. Os pobos que nacen ou resucitan son imperialistas, os pobos que morren son renunciadores. O fascismo é a doutrina máis adecuada para representar as tendencias, os estados de alma dun pobo que, como o italiano, rexorde despois de longos séculos de abandono ou de servidume estranxeira. Pero, o imperio esixe disciplina, coordinación de esforzos, deber e sacrificio. Isto explica numerosos aspectos da acción práctica do Réxime: a dirección impresa ás forzas múltiples do Estado, e a severidade necesaria contra os que queiran opoñerse a este movemento espontáneo e fatal de Italia do século XX, e opoñerse a iso axitando as ideoloxías superadas do século XIX, repudiadas en todas partes onde se ousaron realizar grandes experiencias de transformación política e social. Neste momento, máis ca nunca, os pobos teñen sede de autoridade, de dirección e de orde».

Julio Armesto Sánchez et alii, *Historia del mundo contemporáneo. Comentario de textos históricos*, Granada, Port Royal Ediciones, 1996, p. 203.

### II. Preguntas: (responder unicamente a 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada unha)

- 1) A importancia do ferrocarril na industrialización
- 2) Orixes da I Guerra Mundial: causas e países enfrontados
- 3) Os inicios da revolución rusa
- 4) Crise económica, globalización e desigualdades no mundo actual

## HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

### I. Composición histórica: El fascismo italiano (6 puntos)

A partir de los siguientes documentos explica brevemente las principales motivaciones y características del fascismo italiano. No se trata de que resumas los documentos, ni de que analices aisladamente cada uno de ellos, sino de que elabores un comentario personal teniéndolos en cuenta y completes esa información con otros datos que conozcas.

#### Documento 1. La concepción del estado fascista defendida por su creador:

«Muy pronto los conceptos de fascismo de Italia se confundirán en un mismo pensamiento. Porque nuestra fórmula, creación de un régimen político nuevo, es la que sigue: “Todo en el Estado, todo por el Estado, nada fuera del Estado”. Además, aportando a la vida todo lo que sería un grave error confinar en la política, crearemos [...] la generación nueva. Cada uno cumplirá un deber determinado. A veces me sonrío la idea de [...] la creación de clases: una clase de guerreros presta a morir, una clase de jueces competentes y rectos, una clase de gobernadores enérgicos y autoritarios, una clase de explotadores inteligentes y atrevidos, una clase de soberbios capitanes de industria. Únicamente por esta selección metódica y sistemática se crean las grandes categorías, las cuales a su vez crean los grandes imperios.»

Benito Mussolini: *El fascismo expuesto por Mussolini*. Madrid, 1934.

#### Documento 2. La visión imperialista del fascismo, tal y como figura en la obra de Benito Mussolini *La doctrina del fascismo* (1932):

«Para el Fascismo, la tendencia al imperio, es decir, a la expansión de las naciones, es una manifestación de vitalidad: su contrario, el espíritu sedentario, es un signo de decadencia. Los pueblos que nacen o resucitan son imperialistas, los pueblos que mueren son renunciadores. El fascismo es la doctrina más adecuada para representar las tendencias, los estados de alma de un pueblo que, como el italiano, resurge después de largos siglos de abandono o de servidumbre extranjera. Pero, el imperio exige disciplina, coordinación de esfuerzos, deber y sacrificio. Esto explica numerosos aspectos de la acción práctica del Régimen: la dirección impresa a las fuerzas múltiples del Estado, y la severidad necesaria contra los que quieran oponerse a este movimiento espontáneo y fatal de Italia del siglo XX, y oponerse a ello agitando las ideologías superadas del siglo XIX, repudiadas en todas partes donde se han osado realizar grandes experiencias de transformación política y social. En este momento, más que nunca, los pueblos tienen sed de autoridad, de dirección y de orden».

Julio Armesto Sánchez et alii, *Historia del mundo contemporáneo. Comentario de textos históricos*, Granada, Port Royal Ediciones, 1996, p. 203.

### II. Preguntas: (responder únicamente a 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada una)

- 1) La importancia del ferrocarril en la industrialización
- 2) Orígenes de la I Guerra Mundial: causas y países enfrentados
- 3) Los inicios de la revolución rusa
- 4) Crisis económica, globalización y desigualdades en el mundo actual

HISTORIA DEL MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE EVALUACIÓN - 2024

**Composición histórica (6 puntos)**

**La calificación tendrá en cuenta** la calidad de la redacción (texto argumentado y coherente, que utilice un vocabulario adecuado). También atenderá al buen uso de los documentos (contextualización y utilización de algunos de sus datos).

Dado que el objetivo de la composición consiste en explicar el fascismo italiano, la respuesta **deberá hacer referencia de manera específica a las siguientes cuestiones:**

-La figura de Mussolini y su acceso al poder.

-La primacía del estado y la estricta jerarquización de la sociedad defendida por Mussolini (cuestiones a las que se alude en el documento 1).

-La política expansionista y nacionalista como ideales justificativos del autoritarismo y la eliminación de cualquier oposición (cuestiones a las que se alude en el documento 2)

**Se valorará especialmente la mención a cuestiones como:**

-Los procedimientos utilizados por Mussolini para controlar todas las instituciones del Estado.

-Los factores que favorecieron el desarrollo del fascismo en Italia (resultados de la I Guerra Mundial, inestabilidad política, crisis económica).

-Las similitudes existentes entre los diferentes sistemas fascistas.

**Preguntas (4 puntos, 2 por cada una de las escogidas)**

1. **La importancia del ferrocarril en la industrialización**

La respuesta debería tener en cuenta la identificación del ferrocarril como uno de los sectores punteros de la primera revolución industrial. También su condición de primer beneficiado por la aplicación de la fuerza del vapor a los medios de transporte. Partiendo de tales premisas, la explicación debería referirse a sus efectos sobre la industria del siglo XIX: el estímulo al sector siderúrgico y su demanda de grandes cantidades de mano de obra. Por extensión, también debería tener en cuenta los efectos del ferrocarril sobre el conjunto de la economía capitalista.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias al proceso de revolución industrial en su conjunto y al desarrollo del ferrocarril. También se valorará la mención al desigual desarrollo de la red ferroviaria en Europa y la primacía alcanzada en este terreno por Inglaterra y Bélgica, así como cualquier otra precisión relacionada con la materia.

## 2. Orígenes de la I Guerra Mundial: causas y países enfrentados

La respuesta debe explicar los factores que condujeron a la Gran Guerra (sistemas de alianzas, rivalidades nacionales) y el acontecimiento que sirvió como desencadenante del conflicto (el asesinato del archiduque Francisco Fernando en Sarajevo). En segundo término, la explicación debe identificar a los principales países participantes en la guerra y a sus aliados, así como los intereses que impulsaron su intervención.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a la cronología de los enfrentamientos, los problemas en los Balcanes, la carrera de armamentos o cualquier otra precisión relacionada con la materia.

## 3. Los inicios de la revolución rusa

La respuesta debería explicar las causas de la revolución y el proceso que la desencadenó (la insurrección de febrero de 1917, la abdicación del zar y la constitución de un gobierno provisional). También debería referirse a los problemas del gobierno provisional, en particular a las divergencias existentes entre mencheviques y bolcheviques, así como a la insurrección de octubre y a sus protagonistas (soviets y soldados).

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a la revolución de 1905, así como a la estrategia de los bolcheviques para hacerse con el poder o cualquiera otra precisión relacionada con la materia.

## 4. Crisis económica, globalización y desigualdades en el mundo actual

La respuesta debería referirse en primer lugar al proceso de globalización de la economía mundial iniciado a finales del siglo XX y a sus efectos, con especial atención al incremento de las desigualdades existentes entre países ricos y pobres. En este contexto, deberían explicarse las razones que originaron la crisis económica de 2008 y las consecuencias de la misma.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los movimientos antiglobalización, a los indicadores de desarrollo, a las características de las sociedades posindustriales y cualquier otra precisión relacionada con la materia.

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN - 2024

**Composición histórica (6 puntos)**

**A cualificación terá en conta** a calidade da redacción (texto argumentado e coherente, que utilice un vocabulario axeitado). Tamén atenderá ao bo uso dos documentos (contextualización e utilización dalgún dos seus datos).

Dado que o obxectivo da composición consiste en explicar o fascismo italiano, a resposta **debe facer referencia de maneira específica ás seguintes cuestións:**

-A figura de Mussolini e o seu acceso ao poder.

-A primacía do estado e a estrita xerarquización da sociedade defendida por Mussolini (cuestións ás que se alude no documento 1).

-A política expansionista e nacionalista como ideais xustificativos do autoritarismo e a eliminación de calquera oposición (cuestións ás que se alude no documento 2).

**Valorarase especialmente a mención a cuestións como:**

-Os procedementos utilizados por Mussolini para controlar todas as institucións do Estado.

-Os factores que favoreceron o desenvolvemento do fascismo en Italia (resultados da I Guerra Mundial, inestabilidade política, crise económica).

-As similitudes existentes entre os diferentes sistemas fascistas.

**Preguntas (4 puntos, 2 por cada unha das escollidas)**

1. **A importancia do ferrocarril na industrialización**

A resposta debería ter en conta a identificación do ferrocarril como un dos sectores punteiros da primeira revolución industrial. Tamén a súa condición de primeiro beneficiado pola aplicación da forza do vapor aos medios de transporte. Partindo de tales premisas, a explicación debería referirse aos seus efectos sobre a industria do século XIX: o estímulo ao sector siderúrxico e a súa demanda de grandes cantidades de man de obra. Por extensión, tamén debería ter en conta os efectos do ferrocarril sobre o conxunto da economía capitalista.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias ao proceso de revolución industrial no seu conxunto e ao desenvolvemento do ferrocarril. Tamén se valorará a mención ao desigual desenvolvemento da rede ferroviaria en Europa e a primacía alcanzada neste terreo por Inglaterra e Bélxica, así como calquera outra precisión relacionada coa materia.

## 2. Orixes da I Guerra Mundial: causas e países enfrontados

A resposta debe explicar os factores que conduciron á Gran Guerra (sistema de alianzas, rivalidades nacionais) e o acontecemento que serviu como desencadenamento do conflito (o asesinato do arquiduque Francisco Fernando en Saraxevo). En segundo termo, a explicación debe identificar aos principais países involucrados na guerra e aos seus aliados, así como os intereses que impulsaron a súa intervención.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias á cronoloxía dos enfrontamentos, os problemas nos Balcanes, a carreira de armamentos ou calquera outra precisión relacionada coa materia.

## 3. Os inicios da revolución rusa

A resposta debería explicar as causas da revolución e o proceso que a desencadenou (a insurrección de febreiro de 1917, a abdicación do zar e a constitución dun goberno provisional). Tamén debería referirse aos problemas do goberno provisional, en particular as diverxencias existentes entre mencheviques e bolcheviques, así como á insurrección de outubro e aos seus protagonistas (soviets e soldados).

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias a revolución de 1905, así como á estratexia dos bolcheviques para facerse có poder ou calquera outra precisión relacionada coa materia.

## 4. Crise económica, globalización e desigualdades no mundo actual

A resposta debería referirse en primeiro lugar ao proceso de globalización da economía mundial iniciado a finais do século XX e aos seus efectos, con especial atención ao incremento das desigualdades existentes entre países ricos e pobres. Neste contexto, deberían explicarse as razóns que orixinaron a crise económica de 2008 e as consecuencias da mesma.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias aos movementos antiglobalización, aos indicadores de desenvolvemento, ás características das sociedades posindustriais e calquera outra precisión relacionada coa materia.